

## LINGUA GALEGA

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixéndote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

O esperanto é un idioma artificial, é dicir, «creado a propósito». Inventouno un oculista polaco hai xa máis de 125 anos, en 1887.

O propósito era crear unha lingua común para todos os pobos da Terra, que puidese ser falada por calquera, sen ter en conta se os países eran máis ou menos poderosos, máis ou menos ricos, máis ou menos cultos.

Hai bastante xente que fala esperanto en China, Xapón, Corea e nalgúns países de África. Tamén se fala noutros 180 países, pero en xeral non ten moitos falantes.

Disque é unha lingua máis fácil de aprender ca outras, pois colle palabras ou terminacións de moitas linguas diferentes: do francés, do italiano, do español, algo de alemán e inglés, e tamén ruso ou polaco.

O esperanto escríbese co alfabeto latino, igual que o castelán ou o galego, pero ten algúns acentos e sons que non ten a nosa lingua. O seu abecedario consta de 28 letras, e non inclúe as letras q, w, x, y, que soamente aparecen en nomes propios estranxeiros e non traducidos ao esperanto.

Texto Editorial Anaya, Recursos de reforzo e ampliación.

1. Completa para facer o resumo da lectura:

O esperanto é unha .....creada para poder entenderse todos os.....da Terra.Ten .....falantes e é .....de aprender porque ten palabras de .....linguas.

2. Quen inventou esta lingua?

3. Contesta:

En que ano foi creada?

Cantas letras ten o seu abecedario?

4. Que tipo de alfabeto toma como base o esperanto? Rodea:

- a) Alfabeto ruso.
- b) Alfabeto chinés.
- c) Alfabeto latino.

5. Escribe o nome doutras dúas linguas que utilicen ese mesmo alfabeto.

6. Que letras non aparecen no alfabeto do esperanto?

7. Cales desas letras tampouco aparecen no alfabeto galego?